

RESOLUCIÓN DEFINITIVA DE CENTROS BENEFICIARIOS DAS AXUDAS A CENTROS PÚBLICOS DEPENDENTES DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES PARA A REALIZACIÓN DE PROBAS DE NIVEL LINGÜÍSTICO PARA O ALUMNADO QUE CURSE ESTUDOS DURANTE O CURSO 2022/2023.

A Resolución do 10 de xuño de 2022 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, publicada no portal educativo o 16 de xuño de 2022, regula a xestión de probas de nivel lingüístico para o alumnado que curse estudos durante o curso 2022/2023 en centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Unha vez rematada a valoración das solicitudes pola Comisión de Valoración, de conformidade co establecido na cláusula décima da dita Resolución,

RESOLVO

Primeiro-. Publicar no portal educativo www.edu.xunta.gal e no Diario Oficial de Galicia no prazo máximo de cinco meses contado desde o remate do prazo de solicitude, a proposta de resolución definitiva dos centros beneficiarios das axudas co importe asignado a cada centro educativo (Anexo I).

Segundo-. Contra esta resolución as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación no Diario Oficial de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (BOE núm. 167, do 14 de xullo).

Judith Fernández Novoa

Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

